

# A WAR (UNHA GUERRA)

[Tobias Lindholm, 2015]

# 285

ESTREA EN NUMAX: 22.09.2017 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

*Krigen* (2015, 115')

**Dirección:** Tobias Lindholm

**Guión:** Tobias Lindholm

**Elenco:** Pilou Asbæk, Tuva Novotny, Dar Salim, Søren Malling, Charlotte Munck, Dulfi Al-Jabouri, Alex Høgh Andersen, Jakob Frølund, Phillip Sem Dambæk

**Son:** Morten Green

**Montaxe:** Adam Nielsen

**Fotografía:** Magnus Nordenhof Jønck

**Vestuario:** Morten Green

**Dirección de arte:** Burak Yerlikaya, Nasser Zoubi

**Música:** Sune Wagner

**Produtoras:** AZ Celtic Films, Nordisk Film Production (Dinamarca)

**Distribuidora:** Abordar

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Dinamarqués, árabe, inglés

## FILMOGRAFÍA

*Secuestro*, 2012

*R*, 2010 [con Michael Noer]

## PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2015 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa), Premios do Cinema Europeo 2016 (Nomeado ao Premio do Público), Munich 2016 (Premio pola Paz), Bodil 2016 (Premio de Cinematografía), Jerusalem 2016 (Mellor narrativa internacional), Portland 2016 (Premio do Público), Venecia 2016 (Horizons)

## SINOPSE

O comandante da compañía Claus M. Pedersen e os seus homes están estacionados nunha provincia afgá. Mentres tanto en Dinamarca a esposa de Claus, María, trata de manter a vida cotiá cun marido en guerra e tres fillos afastados do seu pai. Durante unha misión de rutina, os soldados vense atrapados nun forte fogo cruzado e, co fin de salvar aos seus homes, Claus toma unha decisión que terá graves consecuencias para el e a súa familia.

«Película fascinante e complexa que responde a unha simple pregunta: que facer cando non hai unha resposta correcta?»

Olly Richards, EMPIRE



# A WAR (UNHA GUERRA)

[Tobias Lindholm, 2015]

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Como humanizamos o inhumano?”

**Notas de Tobias Lindholm,**  
*Recollidas por Reja Dam*

Nunca fun soldado. Nunca estiven na guerra. Só observei a guerra nas noticias como entretemento. Así que cando decidín facer *A War (Unha guerra)*, tiven que atopar persoas que viviran a guerra: soldados dinamarqueses e guerreiros talibáns, familiares e refuxiados. Precisaba entender a complexidade e a lóxica do conflito, de todos os xeitos, non esperaba contar a verdade sobre este xa que non existe. Quería comprendelo para contar historias sobre seres humanos na guerra, porque eles si que existen. E para min, *A War (Unha guerra)* vai sobre eles.

Durante os últimos 14 anos, Dinamarca foi unha nación en guerra. Nada marcou tanto á miña xeración como que en Dinamarca se estivesen a enviar soldados a guerras nas que non se defendían os intereses do país senón opcións políticas moito máis abstractas. Sempre me gustaron os filmes americanos sobre a Guerra do Vietnam, xa que creo que son unha forma da sociedade americana de procesar de forma colectiva o trauma. Este filme é a miña forma de sinalar a presenza de Dinamarca na guerra de Iraq e

Afganistán. Vai sendo hora de decatarnos de que enviamos a fóra aos nosos homes en nome da democracia.

Quero engadir algúns matices ao debate defendendo tantas posicións como poida, meténdome no punto de vista doutras persoas máis que explicando a historia desde o meu punto de vista político, que está baseado en feitos que non vivín persoalmente. Nunca estiven nunha guerra, así que quixen empezar con algo que a miña nai, doce e de esquerdas, me ensinou: a guerra é malvada e as persoas que están nela tamén o son. Quería desafiar esta afirmación.

O personaxe de *A War (Unha guerra)*, Claus, non é que sexa correcto, pero si moi humano. E coído que é interesante explicar a historia de tal modo que poidamos indentificarnos con estas persoas. No dilema específico do filme, algúns teñen que morrer para que outros poidan vivir. Como podes tomar unha decisión coma esta mentres hai balas a pasar preto da túa cabeza? Interésame o que lle pode suscitar a unha persoa o feito de estar nunha situación e ter unha responsabilidade como a que vive Claus. Quen son eses homes ante a guerra? Como son cando están alí? E como son cando volven a casa? Como poden ver a situación da forma máis obxectiva sen condenar as súas accións? Como humanizamos o inhumano? Como podemos enxergar a súa situación?

Quixen ampliar as miras, tanto visualmente como a nivel de contido. Un gran reto foi converter a casa nun

terreo de guerra: traballar co sentimento de ter a guerra en casa e describir as consecuencias de quitar ao pai da ecuación e enviálo a enfrontar perigos mortais. A parte da casa é crucial para a historia xa que o home que marcha á guerra non é alguén baleiro. É o esposo de alguén, fillo dunha persoa e pai doutras. Se só fose el, a quen lle importa? Pero non é así e a súa vida afecta a outras persoas. Nas noticias fálase das persoas que morreron na guerra. Mais se fixeramos un relato das directamente afectadas por cada persoa destacada nun territorio sería unha historia diferente.

Para facer *A War (Unha guerra)* aprendín moito do cineasta Jørgen Leth, da súa insistencia en observar as persoas sen xulgalas, só deixalas ser como son. Tiven que romper un pouco con isto para contar unha historia vertebrada, mais tentei evitar xulgar ou fantasiar. A mellor maneira de levalo a cabo é observar o que pasa da maneira máis sobria posíbel.

Sempre preferín dicir pouco que de máis. Algúns filmes pensan que os espectadores esquecen o seu coñecemento e consciencia na casa, antes de ir ao cinema. De tal forma que serven cantidades de detalles pouco relevantes que quitan espazo e son opresivos, en lugar de lle dar ao espectador espazo para desenvolver a súa propia experiencia e meterse no filme.

Publicado en [www.dfi.dk/film](http://www.dfi.dk/film)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# ABONATE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

**NUMAX**